

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás nove horas do día nove de agosto de 2017 reúnese o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, convocada por resolución da Presidencia do 4 de agosto de 2017 a pedimento dos deputados/as do Grupo Socialista, Democracia Ourensana e BNG, constituíndose a Corporación co presidente don José Manuel Baltar Blanco e cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventor don José Mosquera Casero. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Juan Anta Rodríguez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento do asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: <http://videoacta.depourense.es>

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, abandonou o salón de sesións durante o debate do punto da orde do día.

Os deputados do Grupo Socialista e do BNG abandonaron o salón de sesións durante a votación da emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, regresando cando se votaba a moción presentada para debate no Pleno.

ÚNICO.- MOCIÓN RELATIVA Á POSTA EN MARCHA DUN MODELO DE PLAN ÚNICO PARA OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra aos grupos políticos para que expoñan o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, Portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente, bos días a todas e a todos. Un saúdo, tamén, especialmente aos alcaldes, alcaldesas, concelleiros, concelleiras, deputada que nos acompañan hoxe neste salón de Plenos. Vou intentar explicar a cuestión o máis breve, o máis conciso e o máis rapidamente posible. En primeiro lugar, dicir que nós entendemos que este, no día de hoxe, é uns dos debate máis importantes que se deron ou que se van a dar nesta Casa, porque vamos a falar dun tema transcendental que afecta a todos os concellos da provincia, que afecta ao financiamento que é unha das bases fundamentais á hora de que os concellos presten os servizos aos veciños e veciñas da nosa provincia, co cal entendemos que este é un Pleno - e por iso así o solicitamos como Pleno extraordinario- un Pleno que se debería dar cun debate monográfico e entendemos que é unha cuestión fundamental. Entendemos que este era o momento porque, como todos sabemos, dentro de aproximadamente un mes debateranse os orzamentos e, en todo caso, esta cuestión debería estar formulada neste Foro e debatida aquí antes de chegar ao debate dos orzamentos e a formular o debate eses orzamentos do ano que vén.

Facendo un pouco de resumo, agora concreouse o asunto este do Plan único; pero nós, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, se todos recordan, levamos xa nos dous últimos anos presentando emendas aos orzamentos, emendas á totalidade, nas que formulabamos xa daquelas –repito e reitero, nos dous últimos anos- un método, un sistema parecido ao que agora se concreta, ou intentamos concretar, no día de hoxe; no que os fondos se acumularan nun único Plan e se repartiran con criterios obxectivos. Teño que tamén facer referencia a cal é o método actual porque non tería sentido este debate, non tería sentido esta proposta, se non estiveramos de acordo ou se non teñamos constatados os vicios e as carencias que presenta o método actual de reparto dos fondos da Deputación aos concellos. Como todos tamén xa sabemos, o método actual é un método que se basea na discrecionalidade, hai unha cantidade que se reparte liñalmente aos concellos, o cal xa é en si non moi acaído, un reparto liñal dunha serie de fondos, dunha serie de Plans, como o Plan de emprego, os Plans provinciais, etc.. e o resto da cooperación provincial cos concellos faise a través das subvencións nominativas que se teñen reiteradamente denunciado e que dan lugar á discrecionalidade e a que uns concellos saian beneficiados ao respecto doutros. Nós temos un estudo feito, un estudo bastante pormenorizado, non é o obxectivo de hoxe entrar a valorar, ou a analizar, cal é a natureza desa

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

discriminación, ou concretala en casos concretos; pero esa discriminación existe, esa discriminación vémosla analizando o que leva pasado, por exemplo, nos exercicios 2016-2017 onde os concellos, por exemplo, do Partido Popular -que representan un cincuenta e pico por cento da poboación- reciben ao respecto de concellos gobernados por outras forzas políticas cantidades moi superiores que repartidas con criterios obxectivos, como os que logo formularemos, sairían cifras totalmente diferentes.

Repito que non é o obxectivo do día de hoxe denunciar ese reparto que nós entendemos clientelar e esa forma de funcionar que se vén utilizando como sistema nesta Deputación; senón intentar mirar cara adiante, ver o que se está facendo noutras Deputacións de Galicia e intentar sentar as bases para que no futuro cambie este sistema e ir a un sistema máis xusto de reparto no que todos os concellos da provincia, independentemente da súa cor política, independentemente de calquera circunstancia, reciban un financiamento axeitado por parte desta Casa. Aí é onde nós, este ano, vendo o que leva pasado noutras Deputacións, vendo os esforzos que se están facendo noutras provincias, vendo, e vou facer referencia simplemente aos Plans, un breve resumo de como son os Plans que teñen aprobados outras Deputacións. Por exemplo, a Deputación da Coruña que este ano, o ano 2017, ten aprobado o *POS+ 2017* con 74 millóns de euros de dotación; é dicir, un 41% do seu orzamento. Lugo, unha provincia semellante á nosa, aprobou este ano un Plan único cunha dotación de 20 millóns de euros; é dicir, aproximadamente un 25% do seu orzamento. Pontevedra que ten aprobado este ano o *Plan Concellos* cunha dotación de 41 millóns de euros; é dicir, aproximadamente un 27% do seu orzamento. Vendo o que está pasando nestas Deputacións, nós entendemos que a Deputación de Ourense, e os veciños e veciñas de Ourense sobre todo, non poden quedar ao marxe e non podemos seguir co sistema actual que beneficia ou premia a uns ou a outros en función de criterios que só vostedes, ou o señor presidente, coñecen.

Entón, nós elaboramos e presentamos unha proposta que é unha proposta baseada no que se está facendo noutras Deputacións e no que a Federación Galega de Municipios e Provincias recomenda que é un reparto de fondos con criterios obxectivos; os criterios serían: superficie, poboación, entidades de poboación e índice de envellecemento. En función destes criterios sairía unha táboa de coeficientes parecida a esta, unha táboa que definiría cal sería a participación de cada un dos concellos da provincia no reparto, ou na cantidade, que a Deputación decidira destinar aos Plans de Cooperación. Facendo un reparto deste estilo, nós

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

entendemos que se acadarían varios obxectivos. En primeiro lugar, dar cumprimento á verdadeira finalidade das Deputacións, tal e como están concibidas na actualidade e mentres non desaparezan, que non é outra que cooperar cos concellos. Despois, tamén, daríamos fin ás prácticas clientelares no reparto que vimos vendo historicamente nesta Casa, porque pasaríamos a ter un sistema que non discriminaría absolutamente a ninguén que repartiría os fondos con criterios obxectivos e que beneficiaría a todos por igual. Despois, tamén, outra consecuencia importante dun sistema como o que nós propoñemos, sería que se garantiría aos concellos unha cantidade anual, estable, que coñecerían ao principio do seu exercicio para poder incorporar no seu orzamento e que lles permitiría planificar, abordar servizos e ter unha estabilidade e unha continuidade nos seus propios programas en base a ese financiamento que sería coñecido, que sería estable e poderían contar con el sen ter que esperar á aprobación de subvencións, etc, etc...

Nós, finalmente, propoñemos e así vai recollido na propia moción, aínda que tampouco é o máis importante, ao igual que non era importante agora mesmo analizar a fondo a discriminación de concellos particulares; pois tampouco é relevante a cantidade a asignar, non é unha cousa que nos preocupe excesivamente, nós incluso lle deixamos a oportunidade de que vostedes fixen a cantidade, en todo caso nós entendemos que unha cantidade razoable sería un terzo, aproximadamente, do orzamento. Estamos falando de que a Deputación nos dous últimos exercicios vén manexando, aproximadamente, un orzamento de 90 ou 92 millóns de euros; logo de aprobar os orzamentos que adoitan andar sobre os 77 millóns e cos sucesivos expedientes de modificación de crédito que imos aprobando xa iniciado o exercicio, finalmente nos dous últimos anos o orzamento roldou os 92 millóns de euros. Nós entendemos que unha cantidade abordable, razoable sería un terzo dese orzamento que serían aproximadamente 30 millóns de euros. Xa dixen antes cal era a porcentaxe aproximada noutras Deputacións: 25, 27, 41...co cal estamos falando dun 30, un 33, poñan vostedes a cantidade, non é o importante, o importante sería cambiar o sistema e ir a un sistema de distribución baseado en criterios obxectivos.

Sen embargo, xa para rematar, ou case rematar, vou poñer tamén algún exemplo porque, finalmente, creo que a mellor maneira de visualizar cal é a situación actual e cal sería a situación unha vez implantado un sistema como o que nós propoñemos e cal é a situación actual de concellos doutra provincias, para que se vexa cal é a situación e a discriminación que

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

sofren actualmente unha vez que noutras provincias teñen aprobados plans iniciais os concellos ou que sufrirán, ou sufrirían os veciños e veciñas da provincia de Ourense de seguir co sistema actual. Voulle poñer algún exemplo para que se vexa esa discriminación; por exemplo, temos concellos como os de Ortigueira na provincia da Coruña, Valga e Guitiriz, similares en número de habitantes ao concello de Allariz, nos que por exemplo no concello de Ortigueira na provincia da Coruña este ano vai a recibir 1.255.00 euros da súa Deputación. O concello de Valga, na provincia de Pontevedra, vai a recibir 500.000 euros. O concello de Guitiriz na provincia de Lugo vai recibir 327.00 euros. Un concello como o de Allariz, na provincia de Ourense, xa digo, de similares características, recibe ao redor de 70 - 74.000 euros. Temos máis exemplos, Corcubión, na Coruña, 221.000 euros; Fornelos de Montes en Pontevedra 379.000; Meira en Lugo 211.000; Baños de Molgas en Ourense, este ano excepcionalmente, 130.000; Lobios, Partido Popular, este ano 109.000. Coas nosas propostas, concellos como o de Baños de Molgas ou Lobios pasarían de recibir ao redor de 100.000 euros a recibir 328.000, Lobios 364.000. Podemos seguir, As Pontes en Coruña, un concello de 11.000 habitantes, un millón e medio de euros. Vilanova de Arousa, Pontevedra, 20.000 habitantes, 739.000 euros. Ribadeo en Lugo, 10.000 habitantes, 396.000 euros. Barbadás, Ourense, 10.000 habitantes, 74.000 euros. Xinzo de Limia, Partido Popular, 10.000 habitantes, 185.000 euros. Co noso Plan, adicando un 30% do orzamento da Deputación repartido con criterios obxectivos, Barbadás recibiría 534.000 euros, Xinzo de Limia 582.000. Dumbría, na provincia da Coruña, un concello de 3.000 habitantes, 725.000 euros. Pontecesures, Pontevedra, 3.000 habitantes, 350.000 euros. Taboada, Lugo, 3.000 habitantes, 300.000 euros. Viana do Bolo, Ourense, 3.000 habitantes escasos, 74.000 euros. Maceda, Partido Popular, 3.000 habitantes escasos, 129.000 euros. Monterrei, Partido Popular, 2.700 habitantes, 100.000 euros. Coas nosas propostas: Viana do Bolo 465.000 euros, Maceda 359.000 euros, Monterrei 342.000 euros. Podemos seguir, os concellos máis pequenos, mil e pico habitantes. As Somozas en Coruña, 1.250, 492.000 euros. Dozón, Pontevedra, 355.000. Folgoso do Courel, Lugo, 260.000 euros. A Mezquita, Ourense, 89.000, coa nosa proposta, 273.000. Cenlle, gobernado por vostedes, 1.200 habitantes aproximadamente, este ano recibiu 100.000; coa nosa proposta 265.000. Esgos, Partido Popular, mil cento e pico habitantes, este ano 70.000 euros ou setenta e pico mil; coa nosa proposta 275.000.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

Están claras dúas cousas; en primeiro lugar, é insostible o método actual que se aplica na provincia de Ourense aos concellos, aos veciños e veciñas en definitiva da provincia de Ourense, siga sendo sostible no tempo vendo o que está pasando no resto das provincias do noso País. Despois, hai outra cousa que tamén queda clara que é que o noso método, por as cifras que acabo de dar, que son cifras que saen simplemente dos cálculos matemáticos feitos aplicando os criterios obxectivos, é un sistema que beneficiaría a todos, xa non solo aos concellos non gobernados polo Partido Popular, senón a todos os concellos da provincia independentemente da súa cor política e independentemente de calquera outra circunstancia.

En base a todo isto, e xa non me vou a estender moito máis, nós formulamos precisamente na nosa moción que se vaía a un sistema como o que xa se está aplicando no resto do noso País; un sistema baseado nos criterios obxectivos propostos pola FEGAMP, que xa os dixen tamén antes, permitiría que os concellos puideran planificarse, que os concellos tiveran un financiamento estable e que os concellos puideran abordar servizos aos seus veciños e veciñas que agora mesmo en función de que non contan con ese financiamento, ou ese financiamento non ten a estabilidade necesaria, sonlle difíciles de abordar. Vou a rematar xa a miña primeira intervención facendo referencia brevemente porque non queda outro remedio, vouno a dicir así de claro, á súa emenda. É unha emenda que nós, reiteradamente, vimos denunciando estas emendas que o único que pretenden é desvirtuar as iniciativas da oposición, pero neste caso, cando estamos falando dun Pleno ordinario, dunha emenda, dunha moción nun Pleno ordinario normal, dunha iniciativa de calquera Grupo da oposición, se xa daquela é denunciabile; pois neste caso cando estamos falando dunha cuestión que traemos aquí o día de hoxe, unha cuestión fundamental, que nos presenten esta emenda parécenos xa absolutamente...non ten cualificativos. Eu teño que dicir que teño unha capacidade de asombro grande, pero vostedes son capaces sempre de superala. En definitiva, a moción que vostedes presentan non lle vemos absolutamente ningún tipo de sentido. Os dous primeiros puntos son para dicir que van a seguir facendo o que xa están facendo, con iso, con votar en contra da nosa iniciativa xa estaría acadado; non facía falta que nos presentaran vostedes absolutamente nada máis. Despois, meternos aquí con calzador os puntos terceiro e cuarto para reprobar a un señor, para dar conta disto, xa nos parece o colmo da desvergoña política e da...pois non sei como cualificalo. Nós o primeiro que lle pediríamos, se vostedes teñen aínda algo de vergoña política, sería que retiraran esta emenda da orde do día e que unicamente se votara a moción

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

orixinal tal e como estaba formulada. En todo caso, tamén lle queríamos pedir ao secretario que se pronunciara ao respecto dun Pleno destas características, convocado cunha orde do día pechada por iniciativa da oposición, é legal ou está amparado polo Regulamento desta Casa, ou Regulamentos, que esta moción poida ser presentada e poida ser debatida e poida ser votada. De momento, nesta miña primeira intervención nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Orensana, ola, bos días a todos. O portavoz do Bloque Nacionalista Galego xa nos deu unha gran cantidade de datos, fixo xa unha exposición do contido. Está claro que analizando os datos, se tratamos de buscar unha correlación entre as cantidades que recibe cada concello da provincia e a súa cor política; se formuláramos esa cuestión nunha clase de estatística universitaria e se lle pedira aos alumnos que fixesen os habituais cálculos de contraste de hipóteses e de correlación, etc, etc...estou seguro de que atoparían, loxicamente, os sesgos que aquí cualificamos habitualmente como clientelares e atoparíanos de xeito obxectivo, porque iso é un cálculo, non é unha cuestión esotérica. Xa digo, analizando as cantidades, analizando o análise comparativo das poboacións, superficie e outras características sociolóxicas que nos expuxo xa o portavoz, está claro que existe unha discriminación á hora do reparto dos fondos nos concellos. É unha cousa que non é nada nova, é unha cousa que xa é supersabida pero xa digo, unha cousa é facer uns cálculos cualitativos e outra cousa é que, incluso seríamos capaces de calcular con datos, de cuantificar eses sesgos.

Nós xa o tiñamos claro, nós xa trouxemos unha moción similar na que entendíamos que había unha discriminación e uns sesgos á hora de repartir os fondos no que son as contratacións das empresas. Aquí trouxemos unha moción na que deixabamos constancia da nosa sorpresa de que a inmensa maioría dos contratos de obra fosen para unha empresas moi concretas, tamén percibíamos uns sesgos nesa clase de contratacións. No caso dos concellos, aínda que non temos datos de primeira man porque nós non temos representación máis que en tres concellos da área metropolitana de Ourense e non temos nin sequera concelleiros no resto; pero como os datos son públicos si que se pode entender cal é o espírito da moción. Nós pensamos que os cartos da Deputación, na súa inmensa maioría e despois de cubrir os gastos propios de administración, de persoal, etc., deberían ir na súa meirande parte aos concellos. Parécenos que os cartos da Deputación non están para financiar misión comerciais e cousas

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

así. Os concellos, primeiro, en termos absolutos o diñeiro destinado aos concellos debería ser moito maior do que é, a meirande parte en realidade; e segundo, os criterios de reparto deberían ser os máis obxectivos posibles. Ao mellor tampouco tiñan que ser exactamente..porque a obxectividade sempre é algo discutible, ao mellor non tiñan que ser exactamente os que están establecidos pola FEGAMP,os que nomeou o compañeiro do BNG; pero como a moción di: *tendo en conta os criterios de reparto*, di que se teñan en conta, tampouco di que teñan que ser exactamente eses de superficie, de poboación, etc.. Eses poden ser, pódense ter en conta e ata se poderían falar de establecer algúns outros criterios o máis obxectivos posibles, xa sabemos que a obxectividade absoluta non existe, pero os máis obxectivos posibles, que superasen as análises que dicía eu antes que calquera alumno de estatística podería facer, que non puidera atopar sesgos automáticos, ou analizar os datos e que fose o máis obxectivo posible.

Nós temos dito en repetidas ocasións que dubidamos da conveniencia de que teñan que seguir existindo as Deputacións. A existencia da propia Deputación xa a cuestionamos nós e xa a cuestionaron outros Grupos políticos. O portavoz do BNG dicía que, atendendo a uns criterios estritamente racionais e obxectivos, poderíase prever de xeito anticipado os cartos que poderían ser destinados a cada concello; se iso fora así xa poderían vir directamente do Estado, xa poderían vir do Estado central calculado para cada concello, sen pasar pola burocracia e pola maquinaria da Deputación; o cal abunda no que xa temos dito máis veces, de que a Institución ao mellor está deixando de ser necesaria. Pero, unha vez que existe e que a súa eliminación é complexa, entón aínda que os cartos pasen pola Deputación deberían ser distribuídos do xeito máis obxectivo, máis racional posible, como por outra parte consideramos que é obvio, cando se trata de recursos públicos. Non me vou a estender máis neste tema porque estimo que o portavoz do BNG e seguramente os portavoces do PSOE abundarán no tema.

En canto ao contido da emenda, por chamarlle dalgunha maneira, porque isto máis que emenda entendemos que é outra moción, porque a verdade non ten nada que ver co contido da moción orixinal; entón isto de emenda de substitución é un xeito eufemístico de chamarlle a outra moción, porque isto de substitución é que é outra, é que ademais non ten absolutamente nada que ver. Comentaba eu antes cun compañeiro que si non fose que xa en máis dunha ocasión nos levantamos e nos fomos, e ao mellor poderíase interpretar como un abuso dese

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

recurso mediático ou visible do feito de levantarse, isto sería para levantarse e marcharse. A existencia desta emenda consideramos que é unha falta de respecto tan grande; primeiro, a propia Institución ao empregar este recurso da emenda de xeito *torticero* e de xeito *chulesco*, imos utilizar así unha palabra, entendemos que merecía que nos levantásemos e nos marchásemos; pero bueno, ímonos quedar aquí porque do mesmo xeito que entendemos que isto é un abuso; ao mellor levantarse tantas veces ao mellor tamén sería un abuso, entón ímolo deixar así, pero de xeito simbólico, levantámonos é ímonos, de xeito simbólico, aínda que non o fagamos fisicamente. Despois, utilizar este recurso para reprobar a un presidente dunha Institución cando a propia Deputación ten presenza na FEGAMP e caso de que fose criticable desde a Deputación a acción deste señor, xa teñen os órganos propios da FEGAMP para discutir alí e para dicilo alí, non o teñen porque traelo aquí á Deputación; sobre todo tendo en conta que é algo que non ten absolutamente nada que ver co contido da moción, entendemos. Non me vou a *enrollar* de momento nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE, moitas grazas señor presidente. Bo día a todo o mundo. Aproveito para saudar especialmente aos alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras que hoxe nos acompañan entre o público; síntoma sen dúbida do interese deste Pleno para os concellos da provincia.

Non me quero estender moito nesta primeira intervención porque a problemática que nos trae aquí xa foi exposta polos deputados que me precederon no uso da palabra e porque este é un tema recorrente nesta Deputación, mandato tras mandato e Pleno tras Pleno. É así porque se segue mantendo un reparto clientelar dos fondos da Deputación entre os concellos, sen outro criterio que o interese político ou partidista do presidente. Por moito que o queiramos adornar con vestimentas de modernidade, no fondo, segue sendo o de sempre: os traxes do caciquismo decimonónico. Non pode ser que, a día de hoxe, a maior parte dos fondos dos concellos da provincia se repartan a dedo vía convenios ou subvencións nominativas das que o resto dos concellos decátanse cando saen publicadas; sirva de exemplo os acordos da Xunta de Goberno do venres pasado onde se contemplan axudas unicamente para concellos e convenios do Partido Popular. ¿Onde queda a transparencia da que tanto se gaban? ¿Onde vai a obxectividade? ¿U-la participación?. A modernidade non casa con castigar aos cidadáns desta provincia que escolleron alcaldes e alcaldesas que non son do seu

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

partido político. É inxusto, e moito, que eses cidadáns se atopen con esta discriminación cando, á hora de pagaren os seu impostos, contribúen coma todos aos fondos que despois desde aquí se reparten discrecionalmente. Non señor presidente, a aplicación do principio: *premio a los míos y castigo a los demás*, non se corresponde cos principios que debe de observar un bo gobernante. ¿Que impide aos concellos ourensáns un Plan asimilable ao das outras tres Deputacións? Calquera delas nos vale, mire se somos xenerosos á hora de que vostedes poidan escoller un modelo a imitar. ¿Impide unha maldición bíblica que teñamos que soportar os ourensáns? Moito me temo que non, algo moito máis sinxelo: impídeo a súa decisión e impídeo o seu voto. Recapaciten, pénseno, están vostedes elaborando os orzamentos do ano que vén, por iso traemos aquí este debate monográfico e por iso traemos aquí esta moción en tempo para que vostedes podan telo en conta. Equipárense ás outras Deputacións e fagan un Plan único, ou como queiran chamarlle, que reparta os fondos con criterios obxectivos e equitativos. Válennos os criterios propostos no seno da FEGAMP, da que esta Institución forma parte tamén. Isto permitiría que os alcaldes e alcaldesas puidesen planificar as súas inversións, afrontar os seus gastos, pagarlle aos provedores, amortizar débeda, etc...en suma, gobernar. Reduciríanse trámites, recursos e burocracia, tanto na Deputación, como nos concellos e estaríamos a falar de transparencia, obxectividade e equidade con propiedade. Gábanse vostedes de amortización da débeda desta Deputación e está ben, está ben cumprir cos requisitos montorinos, pero ¿que pasa cos concellos? Chegará un momento nos que os concellos das outras Deputacións, estean ao tanto do pago aos provedores e amorticen as súas débeda –grazas as axudas das Deputacións- e os concellos da provincia de Ourense seguirán incumprindo eses requisitos.

Remato, e perdoen a penas un minuto para as propostas contidas na súa emenda de substitución, para dicirlles que a moción que presentamos aquí, que traemos aquí é unha moción construtiva e seria e vostedes con estas emendas a verdade è que non achegan nada novo. Fíxense os verbos cos que comezan as súas propostas: *continuar, afondar, reprobar e dar conta*. ¿Continuamos afondando neste pozo que parece non ter fin e que nos leva aos fondos do clientelismo político? ¿Estamos, están os concellos para perder tempo con reprobacións carentes de efecto algún? Nós alomenos non imos perder un minuto, nin imos picar neste *señuelo* para desviar a atención desta moción. E finalmente, *dar conta*, dar conta disto e da nada é o mesmo. Sinceramente, agardabamos algo máis, agardabamos unha

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

proposta alternativa que superase á nosa e que colocase a esta Deputación como a campioa de todas as Deputacións galegas.

Sumámonos á petición de información por parte do secretario formulada polo BNG e, en todo caso, con respecto ás emendas o que lle pedimos é que as retiren. Moitas grazas.

O Sr. presidente, antes de darlle a palabra ao voceiro do Partido Popular, cédella ao señor vicesecretario para que dea conta da información solicitada polos portavoces do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista relativa á posibilidade de presentar unha emenda de substitución nun Pleno extraordinario e ante unha moción.

D. Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación, grazas presidente bo día a todos e a todas. Como xa se ten falado aquí en algunha outra ocasión, a formulación de emendas vén regulada no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, no artigo 97, unicamente referido a ditames e proposicións; e o Regulamento orgánico desta Deputación, no artigo 4, cando fala das normas do funcionamento do Pleno, concretamente na letra C, onde fala das normas sobre a votación e formulación de emendas, onde inclúe que calquera Deputado ou Deputada poderá formular emendas, cunha tramitación formal que alí se regula, referidas tanto a ditames como a proposicións, como a mocións que vaian a ser sometidas á consideración do Pleno. Polo que, en principio, entendemos que as mocións son tamén emendables como as proposicións e os ditames. ¿Non sei si con isto contesto ás preguntas ou ás peticións de información formuladas?

O Sr. Presidente cédelle á palabra aos Grupos pata que prosiga o debate da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular, grazas señor presidente, bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos seguen neste Plenario e de maneira especial, saúdos aos compañeiros e compañeiras concelleiros e alcaldes desta provincia.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

Para que logo non digan por aí que non traballamos os que, dun xeito ou outro, nos dedicamos á política, desinteresadamente ou non. Os Grupos da oposición, despois do Pleno máis breve da lexislatura que recordo que foi o anterior a este, no mes de xullo, o pasado 28 venres, no que puideron presentar esta moción e outras, puidérona presentar tamén no cumio de alcaldes, puidérona presentar no Plenario do debate dos orzamentos do ano pasado; é dicir, tiveron vinte e cinco meses para presentar esta moción que consideran de máxima importancia para esta provincia, cousa que eu non discuto, o que discuto é o tempo, para nada está presentada no tempo correcto; pero vostedes seguro que o entenden doutra maneira. Seguro, segurísimo que as razóns de solicitar á convocatoria deste Plenario, nos primeiros días de agosto, son poderosísimas, estou seguro que o son. Pois nada, aquí estamos, de vacacións uns, eu incluído, algúns de vostedes tamén, pero toca traballar nun tema tan importante como vostedes consideran e imos a elo.

Dito isto, permítanme as seguintes reflexións. Os cidadáns, non o esquezan, decidiron que fora esta, esta, a de Ourense, a única Deputación con maioría absoluta; respectemos pois o que decida o seu goberno. Este non é un Goberno de coalición para evitar que governe o partido con maior representación, iso fíxose en Lugo, en Coruña e en Pontevedra; aquí houbo un partido que gañou cun candidato a presidir a Institución e cun programa electoral, tamén llo recordo. Dous Grupos da oposición aquí presentes, tres e máis nós, ningún foi o máis votado, nós si; de ningún sabíamos o seu candidato a presidir o Goberno provincial e todos vostedes, todos vostedes, carecían de programa de goberno. E digo máis, dubido que no ano 19 non se repita a mesma situación. Aquí non pasou a vergoña que aconteceu en Lugo, esta Deputación non a preside un alcalde e tampouco unha concelleira dun concello de máis de 20.000 habitantes. O autor material e intelectual deste Plan único, e lamento dicilo porque a miña relación persoal e de afecto é ben coñecida por el e por moita xente, que cando era voceiro aquí nesta Institución nunca formulou nada similar, agora veulle unha certa ciencia infusa, posiblemente para asomar a cabeza –e teño que dicilo con todo o respecto e con toda a claridade- para asomar a cabeza escenario da urxencia de liderado socialista a todos os niveis que exhiben en todas partes, lamentablemente digo. Para unha comparativa coas outras Deputacións galegas que se cae por si soa, non é posible comparar unha provincia con 62 concellos, con outra de 92, para nada; tampouco esta Deputación con outra que ten o triplo de orzamento. Comparar provincias, sendo Ourense a única cun concello de máis de 20.000

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

habitantes, é pura demagogia. Como é tamén comparar con este goberno outros gobernos que, por exemplo, nin exercen por delegación competencial a recollida de lixo, nin xestionan directamente a conservación e mantemento das vías públicas provinciais, etc, etc...É arriscado andar en comparativas, eludindo facelas en ámbitos onde si sería máis factible realizalas; por exemplo, ¿quen é a máis transparente?, ¿cal é a máis innovadora?, ¿cal reduciu máis espectacularmente o seu déficit?, ¿cal ten o remanente de tesouraría porcentualmente máis alto?, ¿cal se caracteriza por un esforzo identitario vencellado, e dígoo claro, á lingua propia, ao noso galego como tesouro dun pobo? Dígame tamén, ¿que presidente doutra Deputación galega está convidado, recentemente, a participar no gran Cumio nacional sobre os gobernos locais intermedios que terá lugar en setembro na Universidade Internacional Menéndez Pelayo?. Xa veño que non lle gustan estas cousas, pero xa non é novo, é de sempre.

Deben recoñecer tamén, que a xestión económica desta Deputación é modélica, díxeno moitas veces e sígoo dicíndoo. Se os Plans provinciais son cento por cento sufragados pola Deputación, o Plan de obras e servizos, o Plan de empregabilidade, o de actividades relacionadas coa mocidade, o de rozas, o Plan Ben Ourense; todos cunha achega idéntica para todos -sorrisos aparte-, como sucede con Plan de axuda á natalidade ou as convocatorias de subvencións tendo en conta a Ordenanza que aprobamos neste Plenario –recórdolles- e que non ten, non ten, outras Deputacións galegas. Por certo, ningunha se autolimita como esta e logo dareille uns datos, se o tempo e o señor presidente mo permiten, xa que falan de modelos doutras provincias eu dareille uns datos, espero que non se poñan colorados por aquilo de que non os fotografen xa que viñemos á foto. É unha filosofía de actuación que tamén se reflicte noutras áreas como sucede, por exemplo, na Ordenanza de publicacións coa creación do Consello asesor, todos, todos as mesmas oportunidades. Que dicir do subministro de mobiliario urbano –bancos e marquesiñas- onde ninguén pode predicar discriminación algunha, pero que a todos os alcaldes nos importa e moito. Díganme vostedes ¿que fan os concellos dos que falan nas súas administracións? ¿é todo lineal? ¿fan un plan de investimentos por parroquias e asignan o mesmo a todas elas? E outras Administracións Públicas, ¿alguén aquí pode dicir si a Xunta ou o Goberno Central –gobere quen goberne- pode garantir como se fai nesta Deputación que todos os concellos terán investimentos todos os anos, en todas as áreas de xestión? dende a humildade, por suposto e dende as posibilidades coas que contamos. Case mellor con esa filosofía, con esa formulación, colocar unha máquina

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

calculadora cun caixeiro e eliminar da face da terra as Administracións públicas, ¿que facemos nós aquí entón? Pois representar, é o que facemos, representar aos cidadáns para facer política, obxectiva e subxectivamente - e alégrome que así o dixera o señor Ojea-, aplicar un Plan de mandato, vostedes non o teñen, nin vexo que o poidan ter.

Falan vostedes de sectarismo e discriminación partidista. Eu teño que dicir tamén e vanme dicir que sempre recordo o mesmo, pero bueno hai que dicilo porque temos que falar do que facemos cada quen no seu momento que nos toca, galegas e galegos xa saben o que é iso; sábeno dende o goberno bipartito que vostedes conformaron - xa sei que se ían enfadar, pero que lle van a facer, cada un é dono da súa historia; nós tamén da nosa-, o célebre Consorcio da Vicepresidencia, os contratos anulados polo conselleiro de medio ambiente cando chegou ao goberno; por certo, todos os concellos con alcaldes ou alcaldesas populares, ¿tan malos eramos?. Falan de sectarismo e discrecionalidade os máis indicados, PSOE e BNG, que xa sabemos o resultado que deu o seu goberno en Galicia. O mellor desa experiencia é que galegos e galegas aprenderon para que serve esa coalición que aínda, polo que se ve, non se recuperaron electoralmente ningún dos dous –por iso ao mellor hai que montar estes *numeritos*-; iso si que era discrecionalidade, sectarismo, amiguismo, non se enfaden: os mojitos de Cuba, o concurso eólico, o Plan das cunetas, o plan das famosas cunetas en véspera das eleccións locais, mil empregados chamándoos polas portas ¿recordan?, eu si o recordo. Polo tanto, non teñen razón de fondo e tampouco apoio democrático suficiente, recoñezano, así o decidiron os cidadáns desta provincia.

Pero onde perden todo, digo todo, neste debate é nas formas, ademais de quen presumía –dígo e dóeme un pouco dicilo polo que dixen anteriormente- ademais de quen presumía de respecto institucional intachable portouse algo así como un elefante nunha cacharrería, utilizou a súa posición institucional como presidente da FEGAMP para convocar a todos os alcaldes e alcaldesas, en dependencias desta Deputación, para dicirnos como facer as cousas. Insólito. A verdade é que capacidade de convocatoria non tivo moita, parece que foron doce alcaldes e alcaldesas -algo así como 13% do total- e algúns deles, polo que me dixeron, sorprendidos cando lle fan chegar en plena reunión un *panfletinho* cos logos do PSOE e do BNG, tan sorprendidos que o rexeitaron; repítoo, ao menos así mo dixeron. O 87% dos alcaldes e alcaldesas non foron. Por certo, moito falan dos concellos de 1.000 habitantes e tamén nos sorprendeu que invitaran ao señor alcalde de Ourense, non sei a que viña esa

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

convocatoria e para que. Unha convocatoria demencial politicamente, así o entendemos nós, absolutamente errada e que parecía responder unicamente a dar protagonismo a algún empregado dalgún Grupo político, tamén o digo que me doe, pero hai que dicilo, que sabe perfectamente que ese Grupo existe na provincia porque a Deputación, esta Deputación non outras, aprobou unha asignación de recursos económicos e de persoal, con criterios obxectivos e numericamente en euros, parece –e dígoo seguro- que superior ás outras Corporacións provinciais galegas. Aquí, neste tema, seguro, seguro que non queren comparar, porque aquí temos casos de Grupos cun deputado e dous asesores, ¿verdade?. ¿Verdade que esta maioría de goberno podería aprobar unha nova asignación de recursos que deixe a algún a *velas vir*, como xa están a *velas vir* politicamente?. Unha convocatoria a que motivou, parece ser, este Pleno que non pasou, señor Ojea, por ningún órgano da FEGAMP, que a ninguén informaron e que responde solo a unha decisión unilateral inequivocamente criticable. Será o primeiro presidente da FEGAMP reprobado porque a ninguén se lle ocorreu antes entremeterse antes na gobernanza dun dos seus asociados. A ninguén. Fagamos memoria. Hai uns días volveron cunha pancarta a esta Deputación, a mesma minoría, coa mesma senrazón; pero si cunha razón, única, a fotiño. Pura demagogia.

A cidadanía desta provincia debe saber que todos os concellos da provincia, todos, recibiron nestes cinco anos axudas, subvencións, financiamento para as diferentes actuacións ao marxe do Plan provincial de obras e servizos; por suposto que os concellos, é un exemplo, con Plan termal ou incluídos no Plan termal non van a recibir absolutamente nada, por exemplo Chandrexa ou Oímbra, aínda que a alcaldesa como é tan activa é capaz de inventar algo para entrar tamén. As maiores axudas do pasado mandato foron, asómbrense, para Ribadavia e neste, ata a data, para Carballiño e non teñen alcalde do mesmo signo político que este goberno provincial; tampouco o Barco, por seguir con vilas; que lle pregunten ao señor alcalde do Barco que será o concello con máis investimento no Plan de infraestruturas deportivas que asinaremos coa Xunta de Galicia en breve e, concretamente, beneficiarase do 35% da cantidade que achegue esta Deputación, un concello tamén gobernado por quen está gobernado, onde colaboramos no financiamento do GES e colaboramos, por exemplo, de maneira importante na posta en marcha do Consorcio de Augas Comarcal, por citar algo.

E remato xa, din vostedes na moción que o Plan de obras e servizos, máis o Plan de emprego, máis o Plan de acción social suman, aproximadamente, 7,4 millóns de euros e

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

representa segundo vostedes o 6% do orzamento; pois non, representa o 9,6 e faltan o de rozas, as contas do lixo para os 52 concellos adheridos, as contas de AquaOurense, dos convenios varios, etc, etc... Fagan ben as contas. Totalmente de acordo co que din no punto cuarto que esta Deputación vén arroxando un superávit importante, algo teremos que ver nós no asunto. Tamén falan da autonomía municipal; moi ben, pero ¿que pasa coa Constitución, a nosa Constitución, cando fala do goberno e a administración autónoma das provincias, como competencia da Deputación no parágrafo 2, do artigo 141? ¿que significa para vostedes esta autonomía provincial?.

Polo tanto, como consecuencia de todo o exposto, o noso Grupo presenta e o presenta porque entendemos, e así o dixo o señor vicesecretario, que debemos facelo, que podemos facelo, a emenda de substitución que literalmente di:

O Pleno da Deputación acorda:

1º.- Afondar na xestión económica que permite aprobar plans e actuacións cara aos concellos e aos cidadáns, contidos na Carta de Servizos da institución, onde a publicidade e a concorrència competitiva caracterizan as convocatorias.

2º.- Continuar co cumprimento do Plan de mandato Ourense 15-19 que inclúe axudas da mesma contía económica para todos os concellos da provincia menores de 20.000 habitantes como as que resultan do Plan provincial de obras e servizos, o Plan de rozas de vías provinciais, o Plan de empregabilidade ou o Plan de axudas a actividades da mocidade.

3º.- Reprobar a Alfredo García Rodríguez pola utilización sectaria e partidista da FEGAMP, organización á que pertence esta Deputación.

4º.- Dar conta destes acordos aos concellos da provincia de Ourense, aos integrantes do Consello Federal da FEGAMP, aos compoñentes da Comisión Executiva da FEGAMP, á Xunta de Voceiros da FEGAMP, ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Parlamento de Galicia.

De momento nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, moitas grazas señor presidente. Eu estaba pensando se contestar a algunhas das cousas que expuxo o portavoz do Grupo

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

popular, pero sinceramente a verdade é que non me gustaría contribuír a esta cerimonia da confusión na que vostedes están convertendo o Pleno de hoxe; porque eu creo que, de todo o tempo que falou vostede, non sei si adicou 30 segundos, ou un minuto, a falar realmente do que nós viñamos a expor hoxe aquí. Falou absolutamente de todo, encomiou ao señor presidente, ás bondades do seu goberno, o que reiteradamente nos leva repetindo tamén que é que vostedes contan cunha maioría e, efectivamente, con esa maioría pode avalar absolutamente calquera cousa. Pero non falou, por exemplo, de que o comité asesor de transparencia, desa transparencia da que vostede está dimitido e non sabemos cando se vai a volver a constituír; non falou das reiteradas denuncias que tamén levamos facendo nesta Casa das adxudicacións a empresas próximas do PP, etc.. Falou do lixo, como se o lixo o pagara a Deputación, segundo entendo eu o servizo de recollida de lixo está sufragado polos concellos que incluso co 5% desa recadación, a propia Deputación pode amortizar débeda para despois ter eses resultados espectaculares dos que vostedes presumen. Pero, como lles digo, non viñamos a falar diso, viñamos a falar de cousas totalmente diferentes ás que vostedes non fixeron en absoluto mención. Viñemos a falar de que o sistema que temos actualmente, o sistema que está implantado, que existe nesta Deputación de reparto dos concellos, é un sistema obsoleto e que xa non serve, que noutras Deputacións están poñendo en marcha outros plans; e non me vale o dos 92 concellos, que máis da que sexan 92 ou que sexan 70 á hora de repartir os fondos, á hora de falar de repartir os fondos con criterios obxectivos. Estamos falando de repartir entre os concellos que sexa, cun criterio obxectivo e a proba de que se pode facer téñoa eu aquí enriba da mesa. Acábolle de pór exemplos antes, temos feito un estudo, cun reparto obxectivo, cunha cantidade e saíra un reparto que beneficiaría, repito, beneficiaría a todos os concellos en función desas variables formuladas pola FEGAMP, que recollerían eses criterios obxectivos para financiar cousas como o envellecemento. Non é o mesmo un concello que ten 10.000 habitantes que un que ten 1.000. Non é o mesmo un concello de máis superficie que outro de meno, etc.. Son variables que permitirían achegar máis ou menos recursos aos concellos en función variables coñecidas, determinadas e que permitirían aos concellos, como dixen antes, ter un financiamento coñecido para financiar os seus servizos.

Vostede volveu falar de que non hai unha discriminación, de que aquí se beneficia a todos por igual. Por certo, o señor presidente tamén declarou recentemente que os concellos

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

que o *merecen* teñen o apoio desta Deputación, gustaríanos que nos aclarara ese concepto, ¿cales son os concellos que o merecen e cales son os que non? ¿hai algún criterio obxectivo que nos poidan explicar para dicir cando un concello é merecente ou non do apoio desta Deputación? E mire, señor Álvarez Dobaño, nós fixemos un estudo e non me estraña que vostedes vaian a votar en contra desta iniciativa; non me estraña que a vostedes non lle pareza ben que os cuartos da Deputación se repartan cun criterio obxectivo e que cheguen a todos os concellos da provincia. Ao mellor si lle preguntamos a outros alcaldes, no só doutros gobernos, senón do propio Partido Popular, ao mellor non estarían tan de acordo con esa votación ou con ese posicionamento en contra desta iniciativa. Porque, por exemplo, o concello de Muíños leva recibido este ano máis de 200.000 euros en axudas da Deputación, participou, xa non só nos Plans provinciais de cooperación, Plan de proxectos, Plan de emprego, todos eses que vostede nos di que se reparten uniformemente; senón que tivo xa unha pequena participación no propio orzamento, recibiu tamén xa a súa pequena colaboración no primeiro expediente de modificación de crédito, recibiu tamén a súa segunda pequena colaboración no seu segundo expediente de modificación de crédito deste ano, de abril de 2017; co cal non me estraña que a vostede lle parece ben o sistema actual. O mesmo o ano pasado, o ano pasado vemos que o concello de Muíños tamén tivo a súa pequena colaboración no primeiro expediente de modificación de crédito, no cuarto expediente de modificación de crédito, o que se elevou o orzamento ou a cantidade achegada pola Deputación, no ano 2016, a preto de 300.000 euros. Hai outros, porque eu téñollo aquí, nós levamos o traballo de facer un estudo, de analizar, non é fácil, xa llo digo, pero levamos o traballo de analizar e revisar todos os expedientes de modificación de crédito, todas as partidas que vostedes asignan á colaboración cos concellos e como se reparten de xeito discrecional; non só entre os propios concellos, senón entre os concellos do Partido Popular e xa non díganos nos gobernados por outras forzas políticas.

Nós o que queremos, repito, xa dixen na miña primeira intervención que non era o noso obxectivo denunciar casos particulares, nin entrar na casuística concello por concello; nós o que pedimos é que isto cambie e a única maneira de cambiar é cun sistema como o que nos expomos. Xa lle dixen, temos unha táboa, hai uns coeficientes, tamén tomamos o traballo de calculalos en función de variables estatísticas: superficie, núcleos de poboación, poboación total, índice de envellecemento. Con isto, se vostede fai o cálculo, ao igual que o

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

fixemos nós –se non o queren facer, pódollo pasar, adiántolles o traballo- sae un coeficiente de participación para cada concello que permitiría a cantidade que fora -10 millóns, 20 millóns, 30 millóns- repartila con carácter obxectivo e que beneficiara a todos os concellos por igual, independentemente de que foran, ou non, merecentes da colaboración desta casa; que eu creo, a non ser que vostedes mo desmintan, que son todos merecentes da colaboración desta Deputación.

Falábase antes aquí tamén, dun debate que temos temos levado varias veces que é a a pertinencia da existencia desta Institución. Nós, dende logo, non dubidamos de que as Deputacións deberían desaparecer; pero tamén o que temos claro é que, mentres existan, que sirvan realmente para a finalidade para a que vostedes nos intentan vender cando defenden a súa utilidade que é colaborar cos concellos. Que mellor forma de colaborar cos concellos que repartir recursos e facerlle chegar recursos directamente aos propios concellos que son os que están máis cerca dos veciños e veciñas da provincia, que son os que saben cales son as necesidades dos veciños e das veciñas. Repito, hoxe, estamos falando dun tema que vostedes non expuxeron en absoluto, sobre o que non dixeron absolutamente nada; como digo, non me estraña que este debate lles resulte incómodo sobre todo a vostedes que están sentados aí en fronte. Nós o que formulamos é un sistema obxectivo, un sistema que permitiría aos concellos ter unha planificación, porque tamén se enche o señor presidente a boca cando fala de que aquí todo se planifica e nada se deixa ao azar, pois por que non lle permiten aos concellos da provincia ter esa mesma liberdade, dotándoos de recursos para que tamén se poidan planificar e tamén poidan establecer e non deixar ao azar os servizos que lle prestan aos veciños e veciñas. ¿Por que non fan chegar esa boa xestión, da que tamén se fachendea habitualmente, por que non fan chegar os resultados desa boa xestión tamén aos veciños e veciñas directamente en base a achegar recursos ao financiamento dos concellos? Ese é o debate que temos hoxe enriba da mesa. E digo e repito que é insostible a situación na que vai a quedar esta Deputación ao respecto do que vai a pasar, ou que xa está pasando, no resto das provincias do nos País. É insostible, como dixeran na miña primeira intervención, e é inxustificable que vostedes lle digan a calquera alcalde, puxen exemplo de concellos non só gobernados por Partido Socialista ou BNG ou outras forzas, senón gobernos gobernados polos seus propios alcaldes, que lle digan ao meu concello que non é dos menos beneficiados, xa digo, este ano leva uns

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

185.000 euros, porque vostedes non aproban un Plan que garantiría que un concello como o de Xinzo de Limia tería un financiamento estable anual de 582.000 euros; non entendo que un alcalde poida renunciar a isto, ou todos o resto de exemplos que puxen de diferentes cores onde se ve exactamente o nivel de discriminación no que queda a provincia de Ourense, os concellos da provincia de Ourense, en definitiva, os veciños e veciñas da provincia de Ourense ao respecto do resto de veciños e do resto de cidadáns do noso País.

Xa, remato volvendo a facer referencia á moción, nós en vista de que se avala a legalidade, non dubidamos dela, o criterio do señor secretario parécenos que pecha a cuestión; en todo caso, nós, se non retiran a moción, se non retiran a emenda, nós si nos levantaremos fisicamente para non votala porque nos parece unha auténtica tomadura de pelo que nos presenten esta emenda que non ten nada que ver co que nós expomos e co debate do día de hoxe. Nós, a diferenza do que explicaba ao portavoz de Democracia Ourensana, non o imos a facer só simbolicamente, senón fisicamente nos imos levantar para non votar esa emenda. De momento, nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, ola de novo. Señor Plácido só lle faltou unha cousa que botei en falta na súa loubanza da xestión do presidente: poñela en verso. Oe faltoulle iso, *caray*. Se a puxera en verso, pasaba á historia como Homero. Eu penso, vou facer unha hipótese, penso que non foi vostede o que escribiu iso, porque non me engancha, vostede está de vacacións. Diga a verdade, iso escribiullo Rosendo, iso escribiullo Rosendo porque ese é o estilo del de falar.

Nós levamos aquí pouco tempo, claro, como tamén lemos os periódicos tamén sabemos quen é o señor alcalde do Barco e coñecemos tamén os precedentes das loitas que teñen entre vostedes xa do pasado; pero é que eu aquí na moción so vexo que se nomea á FEGAMP unha vez e para dicir que se teñan en conta os criterios de reparto; pero nada máis. Vostede púxose a falar aí da FEGAMP, unha serie de cousas que eu aquí na moción non as vexo por ningún lado. Despois, non vexo por ningún lado o nome desta persoa, Alfredo Laudelino García Rodríguez, *reprobar pola utilización sectaria*...Estou buscando aquí na moción e non vexo o nome do señor Alfredo Laudelino García por ningún lado. ¿Que ten que ver esta reprobación co que pon aquí? non sei a que vén, é como se me poñen aquí reprobar calquera outra cousa que non garda relación. Logo, púxose a falar dunha

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

manifestación que soubemos que houbo, pero sabémolo pola prensa, que houbo aí unha manifestación, aí nas portas da Institución; pero é que esta moción non ten nada que ver con iso. Eu entendín, dende o primeiro momento, que non tiña nada que ver con iso, senón non a subscribiríamos ao mellor, é dicir sei que o outro día houbo unha manifestación de alcaldes, vímolos na prensa, cunhas pancartas, de acordo; pero é que despois expúxosenos esta moción, de entrar a formar parte na súa formulación e digo: perfectamente, porque o que se está pedindo aquí eu, en ningún momento, entendín que tivera relación coa manifestación dos alcaldes que había aí na porta. Aquí, polo menos, non se le por ningún sitio que isto garde algunha relación coa manifestación que fixeron os alcaldes e con todo o que dixos con relación ao asunto.

En relación ás loubanzas que vostede fixo da xestión do seu equipo de goberno, vólvolle repetir o que tantas veces ten dito o meu compañeiro Gonzalo Jácome, os números cantan, as estatísticas de que estamos nos últimos postos da cola en todos os índices cantan, somos unha Institución na que un presidente foi condenado por colocar a dedo á persoal e aínda están aquí traballando. Sempre se louba do remanente de tesouraría, o remanente de tesouraría non sei se será unha maneira de fomentar, incluso, o clientelismo, porque se vostedes tratan de aforrar para ter remanente e despois ese remanente se reparte de xeito totalmente ao contrario do que di o portavoz do Bloque, ou sexa, de xeito arbitrario, non sei tamén onde está o mérito. A verdade é que xa lle digo, a emenda é kafkiana, surrealista, porque non ten nada que ver co que se expón na moción e ademais entra a reprobar a un señor que non teño por que saber quen é, porque na miña condición de deputado desta Deputación, en relación á moción, non sei por que teño que votar a favor ou en contra desta reprobación, que xa digo, aínda que poida saber quen é este señor e a súa xestión polos medios de comunicación, outro motivo non teño nin para votar a favor, nin para votar en contra, nin para nada. Son unhas cousas ás que non lles vexo absolutamente ningunha relación. Vostede non entrou para nada no contido da moción, púxose a falar doutras cousas máis abstractas, digamos máis en clave de loita partidista; e por iso lle digo que estou convencido que lla fixo Rosendo, vostede a min *no me la da con queso*, como se soe dicir. Vostede estaba de vacacións, eu non, eu sairei de aquí, do Pleno, para seguir traballando no meu traballo. Nada máis, cedo a palabra ao portavoz do PSOE. Moitas grazas.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do PSOE, despois destas cuestións técnicas, imos ao gran. Varias consideracións, señor Álvarez Dobaño, da súa intervención, tráenos vostede unha listaxe do pasado que só vostede se cree, ou pretende que nós creamos, obviando que no mandato da Xunta, nas lexislaturas, quen gobernou maioritariamente foi o seu partido e non os demais. É como unha especie de cortina de fume que o que quere espallar é non falar do principal e o principal, o que nos trae aquí é a discriminación no reparto dos fondos desta Deputación. Tamén nos saca vostede a colación, como fai habitualmente, as súas maioría absolutas, ninguén lles nega a súa lexitimidade; tampouco nos negue vostede a nosa de presentar aquí mocións, de facer propostas e de tentar mudar unha realidade que non nos gusta. Porque, señor Álvarez Dobaño, na súa persoa dáse un dobre cometido no mundo municipal: a de alcalde e a de secretario-interventor noutro concello; polo tanto, con coñecemento amplo da realidade local, pero tamén lle digo que é unha mágoa que vostede non sexa secretario interventor nun concello non gobernado por un alcalde que non sexa do PP, porque íase atopar con outra realidade moi diferente á que nos expuxo aquí e que, seguramente, sería máis sensible ao que aquí lle traemos, vería o mundo doutra maneira estou seguro e a realidade municipal tamén.

Pero mire, a realidade é a que é e só lle vou a poñer un exemplo que coñezo ben. Piñor, o meu concello, linda con dous concellos da provincia de Pontevedra: Rodeiro e Dozón, voume a centrar en Dozón porque é bastante parello a Piñor, similar extensión, similar poboación, menos núcleos de poboación, bastantes menos núcleos de poboación que Piñor. ¿Sabe vostede canto recibiu Dozón este ano do Plan de concellos da provincia de Pontevedra? Para situarnos politicamente: a Deputación de Pontevedra cunha presidenta socialista e o concello de Dozón cun alcalde que era do PP e agora creo que está de baixa por cuestións xudiciais. 355.747,31 euros, en Piñor –polo que vostede fala menos orzamentos desta Deputación, menos concellos a provincia de Pontevedra- xa nos conformábase coa metade. A maiores, os cidadáns de Dozón teñen un servizo de cirurxía pediátrica no hospital de Santiago que xa nos gustaría telo a nós tamén. Con isto díggolle que aos de Piñor case que nos compensa cambiar de provincia. Pero se nos comparamos con Lugo, teríamos como pouco, como mínimo, un mínimo de 150.000 euros. E na Coruña, concellos similares e equiparables a Piñor andan polos 5000.000 euros. Fronte a esta realidade, fálannos vostedes de continuar co Plan de mandato ou de afondar no Plan de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

mandato 15-19, téñoo aquí: *cooperación cos concellos. Incremento do Plan provincial ata 60.000 euros por concello. ¿E pretende vostede que nos contentemos con isto, vendo o que reciben os outros concellos galegos? Miren, o que vostedes pretenden é taparnos os ollos fronte á outras realidade que están ben á vista.*

Despois fálanos vostede da FEGAMP, mellor dito, do seu presidente, pero imos falar da FEGAMP e das 100 medidas que se acordaron no seno da FEGAMP, supoño que tamén coa súa anuencia, co seu voto a favor. A 45, non as vou a ler completas para non me alongar, *a acción de fomento provincial debe realizarse en base a criterios obxectivos e equitativos*, isto referido ás Deputacións provinciais. A 46, *só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas*. A 47, *as transferencias a concellos deben canalizarse a través de Plans de financiamento e obras e servizos de competencia municipal que comprendan todos os recursos a asignar anualmente aos concellos de cada provincia, con criterios obxectivos e equitativos contando coa colaboración municipal no marco da autonomía de xestión*. A 93, *sería recomendable que as subvencións municipais aos concellos se canalizasen a través de Plans de cooperación económica e os seu reparto debe responder a criterios obxectivos tratando de dar prioridade a aqueles concellos con menor dispoñibilidade de recursos. O uso das subvencións por concorrencia competitiva, ou de carácter nominativo, debe limitarse drasticamente*. Pero imos tamén ás propostas de resolución da última Asemblea xeral, a vixésimo oitava di: *reclamar que as Administracións públicas establezan criterios obxectivos de reparto de fondos e axudas económicas aos concellos, de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, con criterios de avaliación pre-establecidos e coñecidos, tal e como determina a Lei xeral de subvencións, tanto a estatal como a galega, reducindo as axudas directas e nominativas a situacións realmente excepcionais que impidan a convocatoria pública*. Vou a ler a seguinte porque xa é na que están as outras Deputacións co Plan que pedimos nós aquí, a vixésimo novena, *reclamar que as Administracións públicas instrumenten mecanismos de financiamento estable nas diferentes áreas de competencia local, de xeito que os concellos poidan deseñar e programar con garantía económica as súas actividades anuais*. Isto é, falando da FEGAMP, o que nos interesa; o resto, son cuestións nas que non deberíamos perder o tempo.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

Unha última reflexión porque vostede fala, tanto neste Pleno como en Plenos anteriores, da autonomía municipal; pois ben, unha pregunta ¿cree que se respecta co actual sistema de reparto de fondos aos concellos, vía convenios discrecionais e subvencións nominativas, a autonomía municipal? ¿Cree que os alcaldes e alcaldesas poden atender ás necesidades concretas de cada concello sen que eses rexedores se vexan na obriga de andar á pedicha, esmolando tanto aquí como na Xunta? ¿De que autonomía falamos señor Álvarez Dobaño? convén aclaralo ¿Falamos da municipal ou falamos da autonomía do presidente desta Institución?. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular, grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez os seus cálculos máis ben parecen, e sabe que llo digo con todo o respecto, máis ben parecen os que fan electoralmente, despois non casan, ¿verdade que non?. Xa tardaba vostede tempo falar de Muíños, xa dicía eu: a ver se hoxe vai pasar e non fala de Muíños o señor Rodríguez Suárez e o señor Ojea. O señor Ojea seguro que aínda o vai facer, pero vostede xa tivo que falar de Muíños. Síntome orgulloso de que falen do meu concello, non por min, polo meu concello. E quero dicirlle que para nada nesta Casa hai un Consello asesor da Presidencia, hai un Grupo que o apoia decididamente, somos copartícipes das súas decisións; non podería ser doutro xeito, quede claro.

Señor Ojea, véxoo despistadísimo, e mire que vostede non é un tío torpe, ao revés, é un tío intelixente; pero hoxe véxoo despistadísimo, dáme a impresión que non o convidaron a demasiadas escenas que houbo, ao mellor, entre outros Grupos e vostede non foi convidado, nin o señor Pérez Jácome, porque senón non andaría tan despistado. Por certo, non o vexo na foto esta, non o vexo; aquí preside quen preside, está ao lado quen está pero vostedes non aparecen. Por algo sería. Quero dicirlle, mire a min nunca –creo que son o deputado máis veterano desta Casa- nunca o meu amigo e compañeiro, digo as dúas cousas, Rosendo me escribiu nada. Sei que o fai moi ben, pero nunca tivo ese detalle. Amigo Rosendo espero que o fagas no futuro. E se mo fixera, pódolle garantir que onte á noite deitábame máis cedo, non foi así señor Ojea. En todo caso, volvo a repetirllo, falo e falarei en nome do Grupo; o día que teña que dicir o que non penso, voume. Non sei se vostede pode dicir o mesmo.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

Dito isto, quero aclararlle o seguinte, este Goberno provincial desenvolve as súas obrigas baixo o respectuoso criterio da autonomía municipal, que é o obxectivo prioritario do servizo aos pequenos concellos. E a partir deste punto, señores da oposición non se me enfade señor Fraga Civeira, porque o recorde, é que é o que son: vostedes a oposición e nós o goberno, é así, tamén vostede é o Grupo maioritario da oposición e os outros son os minoritarios, tampouco se me enfade vostede por iso. Pois digo, e a partir deste punto cada goberno provincial exerce as súas responsabilidades cos seus propios criterios e, no caso único da Deputación de Ourense, cumprindo un programa de mandato –que xa sei que tampouco lles gusta, como foi único– que é o programa Ourense 15-19 ao que se comprometeu o nos presidente provincial e, por suposto, o Grupo que o apoia. Se vostedes desexan, e díggollo con todos os respectos, aplicar outros criterios de goberno, primeiro presenten un programa, un programa electoral ou un programa de intencións que capte á atención dos cidadáns; gañen con suficientes folgos as eleccións e logo gobernen e aplíqueno. A nós non nos veñan tratar de impoñer un estilo de goberno e, moitísimo menos, faltando ao máis fundamental respecto institucional con escuras estratexias e facendo política barateira, de foto, en pleno mes de agosto, ou mesmo buscando grandes titulares para unha época do ano –hai que recoñecelo tamén meus queridos compañeiros- na que apenas hai noticias. Aquí xa nos ensinamos pouco uns ao outros, ¿verdade señor Ojea?

Se de verdade este asunto do Plan único lles preocupara tanto, e tanto como din, estaríamos a falar noutro momento do ano e con outras formas, sen dúbida. Porque, señores da oposición, a súa pretendida demanda queda totalmente deslexitimada polo xermolo desta historia que non é outro que unha rexeitable mostra de intromisión ilexítima nas competencias dun goberno provincial e o que aínda é máis grave, impulsada polo máximo representante do municipalismo en Galicia, o presidente da FEGAMP, por certo, do que a Deputación forma parte. Esta convocatoria rachou coa máxima da autonomía e o respecto institucional que merece calquera Institución, pero neste caso máis aínda co respecto a todos e a cada un dos asociados da FEGAMP. Rachouse tamén co consenso que viña de presidir a toma de decisións nesta Federación, en tanto que a convocatoria desta xuntanza realizouse con total escurantismo e sen consultar, repítolle señor Ojea, con ningún dos órganos nos que o Partido Popular está representado; é dicir, na Xunta de Portavoces, o Comité Executivo e o Comité Federal da FEGAMP. Por esta evidente falta de altura

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

política, e dígo con certa tristeza polo respecto que me merece quen a preside, consideramos que don Alfredo García quedou gravemente cuestionado para seguir ao fronte da FEGAMP, e por todas estas razóns pedimos a súa reprobación, non por outra. Señor Ojea pónase vostede no contexto do que motivou todo este Pleno, porque xa vexo que está vostede algo descolocado. Como seguro que nos está escoitando e ben, asegúrolle señor García Rodríguez que eu non tería o máis mínimo interese en falar de vostede, se non fose pola gravísima inxerencia no goberno desta Institución e o uso sectario e partidista que fixo da FEGAMP; dígo con todo o respecto, pero tamén con toda a claridade. Señor Fraga Civeira, isto non é unha burda manobra de distracción e moitísimo menos un ataque á FEGAMP, para nada, todo o contrario –falando de libre expresión que se exprese a xente-, digo, todo o contrario, é expresar o noso máis absoluto respecto por unha entidade da que formamos parte e que non merece ter un presidente que actúa de tal xeito e repito, lamento dicilo.

Señor Rodríguez Suárez, aquí non se está a perder ningunha oportunidade para rachar con ningún modelo de desprezo á veciñanza da nosa provincia, é a súa linguaxe, a de sempre, apocalíptica, radical e todo iso. Xa ve os resultados que lle dá. Como vostede dixo tamén na prensa, hai tres modelos a elixir en Galicia en gobernos provinciais, permítame que lle corrixa e diga que, en todo caso, serán catro modelos, pero bueno, á vista do que vostedes fan, onde gobernen ou non, entendo ben o que di.

Señor Ojea Bouzo, por certo aínda sen contar vostedes con alcaldías, que xa sei que lle pesa moito –xa llo dixen ou xa llo insinuei- boteinos de menos na foto do día 31 –esta foto, ou outra máis á porta da Deputación- cando sempre están a falar deste asunto. Se tanto lles interesa, polo que vexo non foron convidados adecuadamente. Dígolles a vostedes, señores de Democracia Orensana e do BNG, é triste –dígollo con todo o respecto- que se presten a unha burda estratexia do Partido Socialista na procura dun protagonismo político perdido e seguro que buscando tamén o posicionamento no Congreso rexional que afrontan os socialistas galegos en breve. A resposta a esta burda estratexia xa se viu –debe ser verdade porque lles molesta- no nulo poder de convocatoria na concentración que fixeron diante das portas da Deputación na que non reuniron nin ao 20% dos alcaldes da provincia. Está claro, clarísimo, que o que queren forzar é unha polémica artificial, a foto do verán. Como hai a cantiga do verán, esta é a foto do verán. Como sempre, sementar dúbidas e

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017

sombras sobre a xestión a do Partido Popular, a do presidente desta Deputación e ao Grupo que o apoia. Lémbrolles que esta Deputación vai camiño da débeda cero, que ten capacidade de resposta grazas aos remanentes de tesouraría - que parece que para uns están ben, señor Ojea incluso o din na moción que vostede asinou, pero agora por un lado di que está mal e por outro di que está ben. Viva a coherencia- e que reparte liñalmente esta Deputación diferentes cantidades de diñeiro no marco dos diferentes Plans provinciais e que non deixa sen resposta os proxectos que os alcaldes veñen a presentar.

Xa remato, pero permítanme dicirlles que resulta increíble –e vánseme enfadar tamén, pero é verdade- resulta increíble ver na foto a varios de vostedes que , como alcaldes, obtiveron a colaboración do Goberno desta Deputación que non mira cores políticas, aínda que o digan, en axudas, subvencións e cooperación; e que moitos de vostedes sábemo e en privado recoñéceno, outros non as perciben porque a súa xestión –vostedes tamén o recoñecen- é manifestamente mellorable. Pero toca facer barullo mediático e como toca facelo, hai que facelo e máis neste mes.

Para rematar xa, e agora e verdade, uns breves apuntamentos. Quede claro, nós non reprobamos para nada á FEGAMP, reprobamos ao seu presidente. O señor García Rodríguez convoca a xuntanza e nin sequera a preside, ensinei unha foto, vouna volver ensinar, nin sequera a preside, ese honor correspondeulle ao señor Fraga Civeira, o que me parece ben. Falando de datos, Ourense 2011-2017, concello de Allariz recibiu desta Deputación 969.000 euros; Amoeiro, 703.000; Carballeda de Avia, 709.000; Carballiño, 1.160.000; Coles, 1.112.000; Ribadavia, 765.000; Vilamartín de Valdeorras, 840.000; Vilar de Santos, 688.000. Bueno, teremos que emendar aos técnicos desta Casa, cousa que nunca tivemos que facer.

Falando do modelo de Lugo, un breve apuntamento.... -supoño que onde se presiden sesións, se levan con maior elegancia e cortesía, supoño- pois digo que no modelo Lugo, ao que se nos fixo aquí mención, ano 14, onde gobernaba quen gobernaba, agora o goberno é doutro xeito señor Rodríguez Suárez, verá vostede que curioso. Subvencións nominativas, xa o dixen aquí nalgunha ocasión, pero vostedes o que lle digo no o recordan e logo vólvenme pedir que o volva dicir. Ano 14, subvencións nominativas, PP: 16%, BNG: 60%, PSOE: 24%. Digo eu, ¿como? Pues sí. É que non se fiaban uns dos outros, esa foi a resposta. Entón, claro, onde está a compensación, vía convenios. Pois ben, vía convenios,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

governos gobernados polo PSOE, ano, Deputación de Lugo, de 5.412.000 euros, os concellos gobernados polo PSOE recibiron o 59,25%, é dicir 3,2 millóns de euros. Concellos gobernados polo PP, seis subvencións, 574.000, o 10,6%. Concellos gobernados polo BNG, aquí baixaron porque xa a levaran polo outro lado, o 21,07% , 1.140.000 euros. Nada máis, moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, grazas señor presidente. Moi brevemente, eu como xa dixen non vou a contribuír, para nada, a esa cerimonia da confusión na que vostedes converteron este debate. Respondendo ao último argumento do señor portavoz do Partido Popular, dicirlle o que dicimos habitualmente, o que pase na provincia de Lugo, o que teña pasado no ano 2004, o que teña pasado no ano dous mil non sei que, a verdade é que pouco me importa; e non a min, pouco lle importa aos cidadáns, aos veciños e veciñas da provincia de Ourense porque nós estamos a falar dunha realidade que está pasando hoxe, ano 2017, 2016 e que desgraciadamente polo que se ve –porque non teñen vostedes intención algunha de emendala- vai a pasar no ano 2018, vai a pasar no ano 2019. Vostedes desvirtuaron absolutamente este debate introducindo a cuestión da FEGAMP, a FEGAMP o único que fixo foi convocar unha reunión na que se convocou a todos os alcaldes da provincia, a todos os alcaldes da provincia e aí rematou o seu papel.

Volver a centrar a cuestión, nós o que estamos poñendo encima da mesa é cambiar o modelo actual para un modelo obxectivo, obxectivo, onde ninguén, ninguén..non estamos falando dun modelo que beneficie aos partidos, ou aos alcaldes, ou aos concellos gobernados polos partidos da oposición, sería un modelo neutro que beneficiaría a todos os alcaldes, non aos alcaldes volvo a insistir, beneficiaría a todos os veciños e veciñas da provincia de Ourense. Estarían beneficiados os propios concellos do Partido Popular porque como xa dixen antes e puxen o seu exemplo, pero poderíamos poñer máis porque os temos aquí, fixemos o estudo, os seu propios alcaldes, ou dentro do seu propio partido hai alcaldes de primeira, de segunda e de terceira *regional*, temos os número e poderíámolos poñer; pero xa dixen que non era a nosa intención entrar nunha casuística individual, analizar concello por concello.

Resumindo e para rematar, nós o que expomos é un Plan único, que se agrupen todos os Plans da Deputación, que permita aos concellos un financiamento coñecido, un

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

financiamento estable que poidan utilizar para dar servizo aos veciños, para facer obras, que a Deputación cumpra o seu obxectivo de axudar aos concellos, a todos os concellos, porque todos –e iso non mo explicou- son merecentes da contribución e da axuda desta Deputación. Ese é o obxectivo do noso Plan. Tamén dicirille que o debate non remata o día de hoxe, vamos a seguir falando do tema do Plan único; nós, xa o dixen, levámolo, non con ese nome, pero co mesmo espírito nos orzamentos do 2016 e do 2017, farémolo nos do 2018. É un debate que dende logo non remata aquí, nin está pechado nin se pecha o día de hoxe. É un debate que se vai a dar nos concellos e nos concellos todos os alcaldes van a ter que dicir que non e que lles gusta o seu modelo ou que non lles gusta, vamos a dar ese debate porque é unha cuestión fundamental, unha cuestión que está sobre a mesa e que, repetimos, a provincia de Ourense non pode quedar ao marxe do que está pasando no resto do País por moito que vostedes teñan a maioría absoluta e por moito que vostedes se empeñen en manter este sistema clientelar que beneficia ou prexudica en función de criterios que só vostedes coñecen e non lle explican a ninguén.

Para rematar e agora si, aclarar que nós pensamos que esa cifra dun terzo da Deputación, ao redor de 30 millóns de euros, aínda que non é o importante, poñan vostedes a cifra, poñan vostedes a cifra coa que queren colaborar e repártana con criterios obxectivos; pero é unha cifra totalmente abordable por parte desta Deputación, que aínda lles deixaría unha cantidade importante de fondos para dedicar ao resto de obrigas desta Casa, para facer misións de cooperación internacional nos Estados Unidos, etc...e que si que permitiría ese 30% achegar un financiamento importante, estable e distribuída con criterios obxectivos que beneficiara a todos os veciños e veciñas da provincia de Ourense por igual, independentemente da cor so seu alcalde, e si que permitiría esa planificación que a vostedes tanto lles gusta e da que o presidente tanto presume e si que permitiría achegar esa boa xestión da que vostedes tamén presumen habitualmente e estender os seus beneficios a todos os veciños e veciñas da provincia de Ourense. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, ola de novo. A estes Plenarios teñen vido iniciativas que inicialmente puideron ter sido impulsadas por asociacións, por plataformas. Tivemos o caso dunha asociación ecoloxista que expuxo o tema do glifosato, tivemos o caso dunha plataforma sanitaria que tamén trouxo unha

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

iniciativa, tivemos o caso duns pais de alumnos dun colegio de educación especial que trouxeron unha iniciativa; pero todas esas iniciativas despois o Grupo que as asume, ou os Grupos que as asume, pasan a facelas propias. Se vén unha plataforma ecoloxista, ou unha plataforma sanitaria e trae unha iniciativa e nos parece ben, asumímola como propia e defendémola. Que isto o impulsou a FEGAMP, bueno, si, somos conscientes de que esta é unha iniciativa que formulou inicialmente o PSOE e a FEGAMP, pero dende o momento en que a asumimos como propia a min non me importa para nada que o fixera a FEGAMP, si fixeron unha cea, si fixeron unas fotos..nós asumimos estas propostas, as que están aquí escritas na moción e defendémolas; do mesmo xeito que si unha plataforma ecoloxista trae, como ten traído, unha cuestión para que a Deputación non use o glisofato, asumímola como propia aínda que non estivéramos na cea, ou na manifestación, ou nas xuntanzas que tiveran feito previamente para abordar o tema. Quero dicir con iso, señor Plácido, que non é que ande despistado, sinxelamente nós asumimos exclusivamente como propia, ou para apoiar, o que está escrito aquí. Aquí, xa lle digo, da FEGAMP só fala dos criterios, de ter en conta uns criterios obxectivos de reparto, nada máis e en ningún momento fala do señor presidente da FEGAMP. Xa lle digo, é como se na moción que trouxemos aquí para a construción dun centro CAP na provincia que vostedes fixeran unha emenda solicitando do presidente da asociación de pais que impulsou iso, ¿que ten que ver iso? Vostede estanos pedindo unha cousa que non tal.. En canto ao que di do remanente, que eu critiquei que estivera mal; eu non dixen que estivera mal que houbera remanente, o que dixen que non nos parecía ben era que se impulsase, deliberadamente, a creación de remanente para despois poder manexar ese diñeiro de forma discrecional, nada máis.

Para non alongar máis, eu creo que está todo claro e todo dito. Xa lle dixen antes que nós de xeito simbólico, como dixen que nos levantaremos de xeito simbólico, non me vou a levantar, o meu compañeiro tívose que marchar por motivos persoais, tivo que levar a unha persoa ao médico, eu non me levantarei de xeito físico ao votar a emenda, pero de xeito simbólico isto é para levantarse e marcharse, xa o dixen ao principio. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, Portavoz do Grupo do PSOE, moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, vostede nas súas intervencións, unha e outra vez, solta o anzol da reprobación dun alcalde que, como alcalde, non fai máis que defender os

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

intereses do seu concello e dun presidente dunha Institución que, como presidente, non fai máis que defender os acordos adoptados no seo desta Institución. Tamén nos soltou, a modo de anzol si picabamos, uns datos interesados soltados de xeito tendencioso; pero mire, élle todo máis sinxelo. Os alcaldes e alcaldesas desta provincia e nós, os Grupos da oposición que estamos aquí, o que queremos é algo moi sinxelo, non queremos esmolos, o que queremos é un reparto dos fondos desta Deputación con criterios obxectivos. Así de sinxelo, non hai outra.

E agora permítame que me dirixa ao señor presidente porque ao fin e ao cabo é o que manda nesta Institución. A verdade é que, señor presidente, este Pleno é revelador e é a proba do algodón do seu discurso modernizador. Este Pleno retrátao e é unha mágoa porque neste retrato non perde vostede, quen perde os concellos ourensáns e a cidadanía ao fin e ao cabo. Por máis códigos éticos e estéticos, Plans, cartas de servizos, misións e demais textos cos que se queira cubrir a realidade, esta seguirá existindo e saíndo á superficie e nós encargáremonos de que así sexa visible traéndoa a este Plenario tantas veces como sexa mester. Vostede, señor presidente, quere ser o presidente modernizador desta Institución, loable obxectivo sen dúbida, pero para iso é preciso ter outra grandeza de miras distinta da amosada hoxe aquí. Hai que pasar do querer ser ao ser. Non abonda con querer ser modernos, transparentes e obxectivos, non abonda sequera con parecelo, hai que selo; porque do contrario non será crible e este é un problema moi grave para calquera gobernante e para calquera Institución. Señor presidente, énos imposible crer nos seus propósitos e nos seus plans, por moita letra que estes teñan.

Remato dicindo que para a votación das emendas nos levantaremos tamén e retornaremos para a votación da moción tal cal foi formulada a este Pleno. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, Portavoz do Partido Popular, grazas señor presidente. Simplemente para dicirlle ao señor Rodríguez Suárez que, por un lado, di que copiemos algún dos modelos de tres Deputacións e logo di que non lle importa para nada Lugo, que nos debe importar a nosa; aclárese vostede. Se temos que copiar o modelo de Lugo eu faleille do modelo de Lugo, parece que non lle interesa os datos que lle dei ¿verdade? Son bastantes máis escandalosos que se os nosos os son, que eu digo que non, pero bueno, vostede pode dicir que si. En canto ao que di vostede de cales son os concellos

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

merecentes, home, leve vostede as frases ao seu contexto. Merecentes é o que dixen antes, hai alcaldes reivindicativos que presentan proxectos serios e demais, e vostede sábeo, e outros na súa xestión son manifestamente mellorables; como podo ser eu que seguro que o son.

En canto ao lixo, dise aquí que o lixo págase, home, señor Gómez Pérez, Ribadavia, por exemplo, o ano pasado a Deputación achegou 16.300 euros en determinados aspectos, ¡sí, si!, vostede debe mirar as contas. A Rúa 14.500. O carballiño 44.700, ou Muíños –xa que se fala de Muíños- 5.000.

Falando de irregularidades tíñamos moito que dicir... Para nada reprobamos ao alcalde do Barco, non sei de onde saíu semellante cousa. Puxen un exemplo, señor Gómez Pérez, nada máis, tamén vostede me pon a min ás veces. Digo, señor Fraga Civeira, que vostede dixo que reprobabamos un alcalde, para nada. Na miña intervención anterior empecei dicindo que reprobábamos ao señor presidente da FEGAMP e volvo dicilo para que quede claro; nin ao señor alcalde de O Barco nin a FEGAMP. Non sei si o terei que dicir en inglés que o chapurreo mal.

Quero dicir, para rematar, porque xa vexo que os ánimos vanse caldeando, que en ningún momento nos negamos a seguir avanzando no que vostedes propoñen dun Plan único con varios apartados como ten, por exemplo, en Lugo -que non se citou aquí, pero é así- dotado cunha importante cifra económica polas razóns de goberno que hai que ter alí, que non hai maioría absoluta; pois xa digo, nós non nos negamos a seguir avanzando e a seguir discutindo isto, como dixen antes, no momento e nos foros oportunos. Xa digo, puideron vostedes presentalo no Cumio de alcaldes co señor presidente, cousa que a ninguén se lle ocorreu presentar, ou incluso cando debatemos os orzamentos do ano 17, non o fixeron. Polo tanto, non nos negamos a seguir avanzando nese debate, para nada, pero no marco –quede claro- das competencias que ten esta Deputación, dos servizos que presta e, sobre todo, de acordo coas posibilidades económicas. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, Portavoz do Grupo do PSOE, señor presidente, eu tiña entendido que, neste tipo de mocións, quen pecha é o Grupo propoñente da proposición. ¡Home! O que non ten sentido é que peche o señor Álvarez Dobaño, que nos veña a facer outra emenda, sería xa a cuarta intervención. De todas as maneiras, no Cumio

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

de alcaldes presentouse un documento que ía neste sentido; Pleno tras Pleno vimos co mesmo e Pleno tras Pleno vostedes votan o mesmo que votan hoxe. Non queren avanzar nun reparto non clientelar e con criterios obxectivos aos concellos, así de sinxelo. Así van quedar retratados na votación. Nada máis.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo do PSOE, señor presidente hai unha cousa que quería preguntar ao señor interventor porque é unha cuestión de orde que me interesa. Señor interventor, o que exerce de interventor, o señor Mosquera, neste Pleno os deputados, é un tema que me interesa porque está recorrente o señor Álvarez Dobaño...Primeiro, Plácido, non son verdade moitos datos que deches, pero a parte diso, eu xa non son o portavoz, ao mellor para sorte..Pero eu o que si digo é, como estamos recorrendo a que estamos en agosto, en agosto moita xente traballa, non pasa nada; eu vin de vacacións, non pasa nada e tívenme que vir dende lonxe e non pasa nada. O que si digo é ¿este Pleno sería de cobro para os Deputados? Pois eu propono que este Pleno non sexa de cobro para os deputados e é o que propono, porque dende logo con esta pantomima que están vostedes facendo, non merece a pena. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto único da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto único](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra de Democracia Ourensana (1).

A continuación sométese a votación a moción presentada, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Afondar na xestión económica que permite aprobar plans e actuacións cara aos concellos e aos cidadáns, contidos na Carta de Servizos da institución, onde a publicidade e a concorrência competitiva caracterizan as convocatorias.

2º.- Continuar co cumprimento do Plan de mandato Ourense 2015-2019 que inclúe axudas da mesma contía económica para todos os concellos da provincia menores de 20.000

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de agosto de 2017
--

habitantes como as que resultan do Plan provincial de obras e servizos, o Plan de rozas de vías provinciais, o Plan de empregabilidade ou o Plan de axudas a actividades da mocidade.

3º.- Reprobar a Alfredo Laudelino García Rodríguez pola utilización sectaria e partidista da FEGAMP, organización á que pertence esta Deputación.

4º.- Darlles conta destes acordos aos concellos da provincia de Ourense, aos integrantes do Consello Federal da FEGAMP, aos compoñentes da Comisión Executiva da FEGAMP, á Xunta de Voceiros da FEGAMP, ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Parlamento de Galicia.

E, ás 10.40 horas do día nove de agosto do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,